

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 6 DE ABRIL DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día sete de Abril de mil novecentos noventa e cinco; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno, correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno aproba por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 30 de Marzo pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Don Alfredo Fernández, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Yáñez, 24, no que interesa autorización para ocupación de sepultura terrea e colocación de lápida no Cemiterio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, pero en ningún caso esta autorización suporá derecho de propiedade a prol do interesado.

Visto o escrito de Don Aurelio Martínez Varela, veciño de

Francelos, no que interesa autorización para colocación de placa conmemorativa, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, pero en ningún caso esta autorización suporá derecho de propiedade a prol do interesado.

A Comisión Municipal de Goberno, acorda ratificarse no acordo acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 6 de Outubro de 1994, que decía o seguinte: "Esta Comisión de Goberno ten coñecemento dun Parte da Policía Local no que se dá conta que o inmovible nº 37 da rúa Subida á Igrexa de Santo André, propiedade de Don Manuel Alfaro, ameaza con desprenderse cara a vía pública polo estado ruinoso no que se atopa o balcón do mesmo; e tamén, preto do devandito inmovible hai un hórreo da mesma propiedade atopándose tamén en estado ruinoso con perigo para a vía pública; polo que, nun prazo de oito días a partir da notificación debe proceder a cumpri-lo contido do informe do Sr. Aparellador Municipal que di o seguinte: "Consta Parte Policía Local do 13 de Setembro de 1994.- Visitado o lugar de referencia comprobo a existencia dun inmovible, de b+1, situado ó borde do camiño na marxe dereita subindo que presenta un estado de ruína total atopándose abandonado.- O balcón frontal ó corredor de madeira que ocupa a totalidade da fachada atópase totalmente desvencellado, co agravante de que a cuberta descansa sobre o dito balcón.- CONSIDERO: deberá demolirse o balcón na súa totalidade, apeándose e demoléndose a cuberta afectada.- A súa reconstrucción será en materiais similares ós actuais, mantendo a liña da cara colindante.- Este traballo considero que é urxente polo que si non se leva a cabo polos propietarios terase que levar a cabo polo Concello.- Respecto ó hórreo, desmontarase a estrutura de madeira, en evitación de que se desplome sobre o camiño.- Sobre o balcón e estrutura de madeira do hórreo considero que se deberá actual coa mesma premura e sistema dado que a caída pode ser eminente".- A Comisión ós efectos do seu cumprimento, acorda que este acordo que xa foi comunicado con anterioridade a Don Manuel Alfaro Montero, se comunique agora ós seus irmáns que tamén son propietarios do devandito inmovible e que son, Dona Alicia Alfaro Montero, con domicilio no lugar das Chavolas, Don Antonio Alfaro Montero, con domicilio en Avda. Ricaardo Melle, 157, Canido-Vigo, Don Carlos Gómez Alfaro, con domicilio nas Chavolas.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, toma coñecemento dunha Circular da Federación Española de Municipios e Provincias,

sobre convocatoria do programa PACTE (Programa de Acción para os entes territoriais en Europa. Antigo PIE).

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Marzo presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 99.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa ó quilometraxe presentada por Don José Manuel Deaño Carballal, correspondente ó mes de Marzo, por importe de 22.872 pesetas.

Unha vez rectificadas as certificacións da obra denominada "Iluminación no Casco Histórico de Ribadavia, 1ª fase", polo seu Enxeñeiro Don Xosé Luís Sousa López, estas modificacións foron feitas a instancia dun requirimento do Fondo de Cooperación coas Entridades Locais, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda a aprobación das devanditas certificacións polos respectivos importes de 1.581.287 pesetas e 5.794.716 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, acorda por unanimidade facer efectivo o aboamento dos honorarios ó Arquitecto, Don Ildefonso Estévez Martínez, pola redacción do proxecto de Rehabilitación da Alameda de Ribadavia, 1ª fase, por importe de 1.360.122 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do Proxecto da obra do Fondo de Cooperación Local do ano 1995, Instalacións de Alumeado Público do Municipio, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Don José Luís Sousa López.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do Proxecto de "Rehabilitación Alameda de Ribadavia", redactado polo Arquitecto, Don Ildefonso Estévez Martínez.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA PAVIMENTACION E ACCESO A CASA DE CULTURA.- Transcorrido o prazo de cinco días dende a apertura de

plicas, a que fai referencia o artigo 13 do PREGO DE CONDICIONS TIPO PARA A CONTRATACION E EXECUCION DE OBRAS POR ESTE CONCELLO DE RIBADAVIA pola que se rexe dita contratación, a Comisión Municipal de Goberno procede á adxudicación definitiva da contratación directa da obra Pavimentación e Acceso á Casa de Cultura, segundo memoria do Sr. Aparellador Municipal á Construccións José González Domínguez, con domicilio en Francelos, polo prezo de 3.895.662 pesetas, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas.- Na súa consecuencia esta Comisión de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a consitutción da garantía definitiva, cintándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo dende a data da notificación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as oito e media do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-